

Historia, caligrafía e selos: **WANG FEI**
 Textos: **MARIE SELLIER**
 Ilustracións: **CATHERINE LOUIS**
 Tradución: **FERNANDO MOREIRAS**

Encadernado en cartón. 23x25 cm.
 32 páxinas a toda cor. Inclúe lámina despregable.

Dispoñible en:

- Galego: "O nacemento do dragón"
ISBN 978-84-96957-53-4
- Castelán: "El nacimiento del dragón"
ISBN 978-84-96957-54-1

Prezo: 15 €

O NACEMENTO DO DRAGÓN

Antano, hai xa moito tempo, nos días en que non existían os dragóns, os homes, as mulleres e os nenos da China cazaban, pescaban e vivían en tribos baixo a protección de espíritos benévolos...

Mentres que en Europa o dragón é un animal misterioso e de reminiscencias diabólicas, en Asia é sinónimo de paz. Esta obra bilingüe galego-chino mandarín, que conxuga literatura, caligrafía e ilustración, conta a orixe desta criatura mítica, creada en tempo inmemorial polos nenos e nenas das diversas tribos chinesas. Os adultos, que veneraban os animais sagrados, tamén facían a guerra no seu nome...

...Ata que os cativos decidiron crear un animal que os arredara desa espiral bélica: co corpo da serpe silandeira e astuta admirada polos habitantes da meseta, coa cabeza do cabalo veloz coma o vento que protexía os xinetes, coas escamas do peixe escintilante honrado polos pescadores de beiramar, cos cornos do búfalo forte e traballador ao que enalzaban os campesiños dos arrozais, e coas patas do paxaro libre e cazador loubado polos montañeses, xurdiu un ser híbrido co que cada Aninovo chinés se festexa a paz e a ledicia.

O libro complétase cun mural despregable no que se explica a técnica dos ideogramas e da escritura chinesa; no asesoramento colaborou a profesora Claudia Berger, responsable de ensino de chinés moderno na Universidade de Xenebra. Ademais, na elaboración deste volume utilizouse papel obtido de bosques xestionados de maneira responsable, certificados de acordo coas normas do Forest Stewardshil Council.

Wang Fei criou se na China e aprendeu os segredos da caligrafía. Segundo a súa filosofía vital, "o presente vén do pasado e o porvir", por iso se adica a buscar "o camiño entre os dous". A xornalista francesa Marie Sellier especializouse en Arte, temática sobre a que ten publicado numerosos libros. A ilustradora Catherine Louis vive en Suíza, pero é unha grande admiradora da paisaxe e da cultura chinesa.

- **Temática:** historia sobre a orixe do dragón
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** bilingüe galego-chinés mandarín; libro realizado con papel obtido de bosques sostibles; simbolismo, cultura chinesa; a paz, a convivencia entre os pobos

